



# O PREGUNTÓN DO VENRES



No Museo de Historia Natural de Santiago hai verdadeiras curiosidades. Debedes descubrir cal se oculta detrás destas claves, que están desordenadas e se corresponden cunha letra cada unha.

Son dúas palabras:

- A primeira ten dúas consonantes, que ademais son iguais.
- A segunda ten tres letras máis que a primeira.

1. A inicial da capital de Burkina-Faso
2. A inicial que máis se repite nos planetas do Sistema Solar
3. A primeira letra do nome do organizador do Museo en cuestión, cuxos dous apelidos coinciden co primeiro de ferrolán fundador do PSOE
4. A primeira letra do apelido de André Le - - - -, famoso xardineiro de Versailles no século XVII.
5. A inicial da rúa viguesa onde está a sede do periódico galego “A Nosa Terra”
6. A primeira letra da hormona que necesitan os diabéticos.
7. A primeira letra, unha consonante, da profesión de Houdini, “¡o - - - - máis grande da idade moderna!”
8. Elixide un número calquera inferior a 10, multiplicádeo por 2. Ó produto sumádelle 10, isto dividídeo por 2, ó que vos dea descontádelle o número inicial que elixíchedes e logo multiplicádeo por 2. Contade na palabra seguinte un número de letras igual ó obtido:

SUPERCALIFRÁGILISTICOESPIALIDOSO

9. A primeira letra das siglas en galego da sustancia estudada polos premios Nobel de Fisioloxía e Medicina do ano 1962.
10. A inicial do nome que se lles dá ós átomos que só se diferencian pola súa masa atómica.
11. A primeira letra do nome dun papa retratado por Velázquez dos que houbo dez, como mínimo.
12. A inicial do río que pasa pola capital do concello galego onde o rei García I de Galiza tivo a súa corte, aló polo 1070, e que, casualmente, está no nome desa vila tamén famosa polo seu barrio xudeu.
13. A primeira letra do nome do fillo de Dédalo e Náucrate, que sufriu un percance ó achegarse demasiado ó Sol.



# 1º PREGUNTÓN DO VENRES (RESPOSTA)



No Museo de Historia Natural de Santiago hai verdadeiras curiosidades. Debedes descubrir cal se oculta detrás destas claves, que están desordenadas e se corresponden cunha letra cada unha.

Son dúas palabras:

- A primeira ten dúas consonantes, que ademais son iguais.
- A segunda ten tres letras máis que a primeira.

1. A inicial da capital de Burkina-Faso **Ougadougou**
2. A inicial que máis se repite nos planetas do Sistema Solar **M**  
**Mercurio, Venus, Terra, Marte, Xúpiter, Saturno, Urano, Neptuno, Plutón**
3. A primeira letra do nome do organizador do Museo en cuestión, cuxos dous apelidos coinciden co primeiro de ferrolán fundador do PSOE  
**Luis Iglesias Iglesias**. O fundador do PSOE é Pablo Iglesias
4. A primeira letra do apelido de André Le **Notre**, famoso xardineiro de Versalles no século XVII.
5. A inicial da rúa viguesa onde está a sede do periódico galego “A Nosa Terra” **Rúa do Príncipe**
6. A primeira letra da hormona que necesitan os diabéticos. **Insulina**
7. A primeira letra, unha consonante, da profesión de Houdini, “¡o **Mago** máis grande da idade moderna!”
8. Elixide un número calquera inferior a 10, multiplicádeo por 2. Ó produto sumádelle 10, isto dividídeo por 2, ó que vos dea descontádelle o número inicial que elixíchedes e logo multiplicádeo por 2. Contade na palabra seguinte un número de letras igual ó obtido: **O resultado e sempre 10 SUPERCALIFRÁGILISTICOESPIALIDOSO**
9. A primeira letra das siglas en galego da sustancia estudada polos premios Nobel de Fisioloxía e Medicina do ano 1962. **A. D. N.**
10. A inicial do nome que se lles dá ós átomos que só se diferencian pola súa masa atómica. **Isótopos**
11. A primeira letra do nome dun papa retratado por Velázquez dos que houbo dez, como mínimo. **Inocencio X**
12. A inicial do río que pasa pola capital do concello galego onde o rei García I de Galiza tivo a súa core, aló polo 1070, e que, casualmente, está no nome desa vila tamén famosa polo seu barrio xudeu. **Río Avia, cidade Ribadavia**
13. A primeira letra do nome do fillo de Dídalos e Náucratis, que sufriu un percance ó achegarse demasiado ó Sol. **Icaro**

**SOLUCIÓN:** As dúas únicas consonantes iguais son os (M). Isto simplifícanos a tarefa para ordenar as letras e obter finalmente a solución. ¡Unha auténtica curiosidade!

**MOMIA FILIPINA**